

1

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Unha nena con moitas preguntas



Begoña Caamaño naceu en Vigo o 14 de outubro de 1964. Desde pequena gustáballe ler, escribir historias e facer preguntas. Aprender que a curiosidade é o primeiro paso para cambiar o mundo.

Como moitas nenas e nenos, pasou a súa infancia xogando entre patios, hortas e leiras, creando e inventando protagonistas que hoy atopamos nos libros.



2

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Medrar nun tempo difícil para o galego



Durante a infancia e a mocidade de Begoña, o galego tiña pouca presenza nos medios, na escola e na vida pública. Maitas persoas falaban galego, pero non sempre se valoraba. Ela aprendeu que defender unha lingua é defender as persoas que a falan.




3

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

A palabra como ferramenta



Begoña escolleu traballar coa
palabra: falar, escribir, contar. Sabía
que as palabras serven para explicar,
denunciar, emocionar e soñar. Por
iso decidiu usar sempre o galego,
demostrando que é unha lingua
válida para todo.



4

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Begoña

xornalista



Begoña traballou na prensa escrita e na radio. Fixoo sempre con coherencia e respecto e defendendo unha comunicación rigorosa e honesta para que as persoas estivesen mellor informadas.

Colaborou no semanario "A Nosa Terra" con artigos nos que defendía a igualdade entre homes e mulleres, os dereitos humanos e unha sociedade máis xusta.



5

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

0 galego tamén soa na radio

A través da radio, Begoña fixo que o galego chegase a moitos lugares, xa que pensaba que excitar a lingua axudaría a quere-la e usala. Gustoulle tanto este medio de comunicación que comezou a traballar en Radio Popular e logo en Radio Noroeste, en Vigo.



Despois marchou a Santiago e nesta cidade entrou na Radio Galega para colaborar en espazos culturais como "Diario Cultural" ou "Andando a Terra". Cada programa era unha semente para normalizar o idioma.



6

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Contar o mundo desde as mulleres



Circe



Morgana

Dúas mulleres goron as protagonistas das súas obras: Circe ("Circe ou o pracer do azul") e Morgana ("Morgana en Esmelle"). Begoña quixo darlles voz a estas mulleres fortes, valentes e ocultas pola historia.

A nosa autora defendeu con orgullo o feminismo tanto no mundo laboral como na sociedade, e tamén na literatura.



7

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Historias que viaxan no tempo



En "Circe ou o pracer do azul", Circe e Penélope constrúen unha fermosa amizade a través das cartas que se envían, nas que comparten pensamentos, medos e esperanzas mesmo estando separadas polo mar. Deste xeito, Begoña ensínanos que a amizade é como as historias: pode viaxar no tempo e na distancia, sen perder nunca a súa forza.



8

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Escribir para cambiar



Begoña escribía para facer pensar. As súas historias falan de liberdade, xustiza, e memoria. Ler tamén é unha forma de aprender a mirar o mundo con ollos críticos.



DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026



Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Un legado que continúa



Begoña Caamaño implicouse en moitas loitas sociais. Actuaba e escribía sempre consciente da responsabilidade que tiñan as súas palabras. Hoxe, o seu exemplo animanos a continuar ese camiño: defender a xustiza, expresarse con liberdade e seguir construíndo un mundo mellor.

AUTOR: COLEXIO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PLURILINGÜE RIBADAVIA (OURENSE)



10

Begoña Caamaño

Un camiño de sementes

Nós somos as novas sementes

Hoxe somos nós os que debemos coidar o galego
falándoo, escribíndoo e respectándoo. Igual que fixo
Begoña, cada nena e neno pode contribuir a que a
nosa lingua teña futuro.

